

Fragmentos das normas do RRI do IES da Pobra do Caramiñal

1. Faltas de limpeza e descoido do material.

Considéranse faltas deste tipo:

1. Non respectar o recinto exterior, aulas, vestíbulos, corredores, escaleiras e demais dependencias, así como os obxectos pertencentes a calquera dos membros da Comunidade.
2. Tirar obxectos ao chan ou cuspir en todo o recinto escolar.
3. Non respectar as paredes, fiestras, portas etc., de calquera instalación do centro, así como as pezas sanitarias, billas, espellos, etc., dos aseos, co fin de que poidan seguir cumprindo o seu cometido correctamente.

Periodicamente, o alumnado realizará quendas de limpeza do exterior do recinto, corredores e escaleiras, acompañados polos titores ou profesores de garda.

Cada alumno e cada alumna será responsable dos seus obxectos e pertenzas, non facéndose o Centro responsable das posibles perdas ou subtraccións. É conveniente que o alumnado non deixe valores monetarios ou doutro tipo nas aulas.

A conservación da limpeza da aula será responsabilidade do grupo de alumnos e do seu titor. No caso de aulas específicas (música, tecnoloxía, laboratorios, ximnasios...), a responsabilidade recae nos alumnos do grupo que ocupasen a aula cando teña lugar o deterioro.

Os alumnos que, individual ou colectivamente, causen danos de forma intencionada ou por neglixencia ás instalacións do centro ou ao seu material quedan obrigados a reparalos ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos que tiveren subtraído bens do centro deberán restituílos. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

2. Faltas de puntualidade.

O horario do centro debe ser respectado por toda a comunidade educativa. A puntualidade é esencial para o correcto funcionamento das actividades do centro.

O inicio e remate de cada sesión estarán indicados polo timbre, que os alumnos e alumnas deben respectar. Deberán estar dentro da aula no momento en que entre o/a profesor/a.

A primeira hora da mañá e a primeira da tarde, os retrasos, por motivo do transporte, son admisibles, con carácter excepcional. Nos demais períodos lectivos os retrasos só son xustificables por causas de forza maior. Os retrasos non xustificados serán consignados polos profesores no parte de faltas cun R. A acumulación de tres retrasos computarase como unha falta de asistencia.

3. Faltas de asistencia.

A asistencia á clase é obrigatoria e, en caso de ausencia por forza maior, o alumno ou alumna deberá xustificala, documentalmente se fose posible.

No caso de que un alumno acumule faltas non xustificadas a clase, aplicarase o baremo sancionador que se indica no correspondente Anexo IV de *Protocolos*.

A falta á clase de modo reiterado á mesma área ou materia pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de *avaliación continua*.

Os Departamentos deberán establecer nas súas programacións anuais os *sistemas extraordinarios de avaliación* para estes alumnos. Esta avaliación extraordinaria consistirá *nunha única proba final* que permita valorar o seu nivel de coñecementos sobre todo o temario da área ou materia a avaliar, independentemente de que o alumno superase algunha avaliación ou exame anterior. As avaliacións parciais, trala perda do dereito á avaliación continua, figurarán como insuficientes.

O número de faltas que dará lugar á perda da avaliación continua dependerá das horas semanais de clase que corresponde impartir en cada área ou materia.

Cando o alumnado non asista a clase por folga ou calquera outra razón comunicadas previamente á Dirección pola xunta de delegados, será o Consello Escolar o que determine as medidas a adoptar para que esa situación non repercuta negativamente no rendemento académico do alumnado afectado.